

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Organismo SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES

Capítulo	
Epígrafe	(Para inserir no «Diario Oficial de Galicia»)

SUMARIO:

RESOLUCIÓN do 22 de marzo de 2021, conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, pola que se adjudican as axudas da Orde do 31 de decembro pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para completar a etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (códigos de procedemento ED481D e IN606C).

TEXTO

A Orde do 31 de decembro de 2020 (DOG núm. 13, do 21 de xaneiro de 2021), conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, establece as bases reguladoras e a convocatoria das axudas para completar a etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva.

O obxecto desta convocatoria é outorgar axudas ás universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), aos organismos públicos de investigación de Galicia, ás fundacións de investigación sanitaria de Galicia (Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación Profesor Novoa Santos, Fundación Biomédica Galicia Sur), e aos centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) e del IEO (Instituto Español de Oceanografía) radicados en Galicia, que contraten persoas tituladas superiores que estiveran contratadas na modalidade A das axudas posdoutorais das convocatorias de 2016 ou 2017 ou que tivesen un contrato posdoutoral cunha das entidades establecidas no artigo 2 da convocatoria e financiado pola Gain, sempre que cumpran o resto de requisitos que se establecen na convocatoria, para que poidan completar a súa carreira investigadora posibilitando un perfeccionamento na súa formación e o

establecemento dunha liña de investigación propia que lles permita, nun futuro, consolidar a súa traxectoria.

No artigo 2.1 da orde de convocatoria determínase quen pode ser beneficiario e, no artigo 2.2 os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas ás axudas.

De acordo co establecido no artigo 9 desta convocatoria, unha vez analizadas as solicitudes publicáronse as listas provisionais de solicitudes admitidas e excluídas e as entidades solicitantes tiveron un prazo de dez días naturais para formular reclamacións para emendar erros e falta de documentos das persoas interesadas ante a Secretaría Xeral de Universidades ou ante a Gain, segundo a entidade solicitante. Unha vez que se recibiu e se examinou esta documentación, o 15 de marzo de 2021 publicouse a lista definitiva de solicitudes admitidas ~~excluídas~~.

As solicitudes foron ponderadas por un equipo avaliador formado por persoas expertas de fóra do Sistema de I+D+i galego, coa colaboración da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), a partir da documentación indicada no artigo 6 da convocatoria e segundo o baremo que se indica no artigo 10.

O resultado desta avaliación entregóuselle á comisión de selección definida no artigo 11 da orde de convocatoria, que elaborou un informe para os órganos instrutores en que figuran as entidades beneficiarias, xunto coa prelación das persoas candidatas a seren destinatarias das axudas, e a lista de agarda para posibles substitucións.

A competencia para resolver estas axudas correspóndelles conxuntamente á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e á persoa titular da Presidencia da Gain, de acordo co artigo 11 da convocatoria.

En consecuencia, de acordo co establecido no artigo 11 das bases da convocatoria e atendendo á proposta de concesión elevada polos órganos instrutores a partir do informe da comisión de selección, reunida o día 17 de marzo de 2021, a través da Secretaría Xeral de Universidades e da Gain,

RESOLVEMOS:

Primeiro. Conceder as axudas para completar a etapa de formación posdoutoral convocadas pola Orde do 31 de decembro de 2020 ás entidades que contraten as persoas seleccionadas que se relacionan no anexo I.

Segundo. Establecer unha lista de agarda, que se inclúe como anexo II, para determinar posibles substitucións, segundo os criterios establecidos no artigo 11. Nesta lista figuran por orde decrecente de puntuación as solicitudes que non acadaron a puntuación suficiente para seren adxudicatarias da axuda pero que teñen unha puntuación igual ou superior á mínima establecida no artigo 10.2 da convocatoria.

Terceiro. Todas as solicitudes que figuran nos anexos I e II desta resolución cumpren os requisitos establecidos nas bases da convocatoria. Así mesmo, as solicitudes que non figuran relacionadas nos citados anexos entenderanse denegadas ou desestimadas.

Cuarto. A data de comezo dos contratos será o día 31 de marzo de 2021.

Quinto. As axudas concedidas financiaranse con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 e anos sucesivos, de acordo coa seguinte distribución segundo a estrutura de pagamento recollida no artigo 15 das bases da convocatoria.

Universidades do SUG: 20 axudas

O importe das axudas das universidades do SUG imputarase ao Plan galego de financiamento universitario para o período 2016-2020 que, de acordo co artigo 36 da Lei 7/2019, do 27 de decembro, polo que se engade un punto 4 ao artigo 115 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, a súa vixencia será prorrogada ata a aprobación e comezo de efectos do novo plan, sempre que así o permitan as disponibilidades orzamentarias.

Aplicación orzamentaria	Universidade	Nº de axudas	Crédito (en euros)			
			2021	2022	2023	Total
10.20.561B.444.0	UDC	3	69.816,66	117.000,00	47.183,34	234.000,00
10.20.561B.744.0			30.000,00	30.000,00	15.000,00	75.000,00
UDC			99.816,66	147.000,00	62.183,34	309.000,00
10.20.561B.444.0	USC	10	232.722,20	390.000,00	157.277,80	780.000,00
10.20.561B.744.0			100.000,00	100.000,00	50.000,00	250.000,00
USC			332.722,20	490.000,00	207.277,80	1.030.000,00
10.20.561B.444.0	UVIGO	7	162.905,54	273.000,00	110.094,46	546.000,00
10.20.561B.744.0			70.000,00	70.000,00	35.000,00	175.000,00
UVigo			232.905,54	343.000,00	145.094,46	721.000,00
Total SUG			665.444,40	980.000,00	414.555,60	2.060.000,00

Demais entidades: 4 axudas

Aplicación orzamentaria	Entidade	Nº de axudas	Crédito (en euros)			
			2021	2022	2023	Total
06.A2.561A.403.0	Instituto de Ciencias do Patrimonio (INCIPIT) do CSIC	2	46.544,44	78.000,00	31.455,56	156.000,00
06.A2.561A.703.0			20.000,00	20.000,00	10.000,00	50.000,00
Instituto de Ciencias de Patrimonio (INCIPIT) do CSIC			66.544,44	98.000,00	41.455,56	206.000,00
06.A2.561A.403.0	Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC	1	23.272,22	39.000,00	15.727,78	78.000,00
06.A2.561A.703.0			10.000,00	10.000,00	5.000,00	25.000,00
Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC			33.272,22	49.000,00	20.727,78	103.000,00
06.A2.561A.481.0	Fundación Profesor Novoa Santos	1	23.272,22	39.000,00	15.727,78	78.000,00
06.A2.561A.781.0			10.000,00	10.000,00	5.000,00	25.000,00
Fundación Profesor Novoa Santos			33.272,22	49.000,00	20.727,78	103.000,00
Total outras entidades			133.088,88	196.000,00	82.911,12	412.000,00

Sexto. As entidades beneficiarias deberán remitir un escrito de aceptación da axuda á Secretaría Xeral de Universidades, no caso das universidades do SUG, ou á Gain no caso das demais entidades indicadas no artigo 2 da convocatoria, no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da publicación/comunicación desta resolución e vincularán as persoas seleccionadas aos seus organismos mediante a formalización do correspondente contrato.

Sétimo. O artigo 15 da orde de convocatoria establece que as entidades beneficiarias e contratantes das persoas seleccionadas serán as encargadas de presentar as xustificacións correspondentes adecuadas á normativa comunitaria e nacional de aplicación e serán as perceptoras dos fondos para o pagamento dos contratos.

Segundo o establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que se presentase esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá o beneficiario para que, no prazo improrrogable de dez días, a presente. A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobramento parcial ou total da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Oitavo. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura,

Educación e Universidade, no caso de solicitudes pertencentes ao SUG, e ante a persoa titular da presidencia da Gain nos restantes casos, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 22 MAR. 2021

O conselleiro de Cultura, Educación
e Universidade



Román Rodríguez González

O vicepresidente segundo e conselleiro de
Economía, Empresa e Innovación e presidente
da Axencia Galega de Innovación



[Handwritten signature]
Francisco Conde Lopez

INSÍRASE NO DOG

A secretaria xeral técnica da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

Beatriz Cuiña Barja

ANEXO I

Axudas concedidas

Universidade da Coruña

Nº exp.	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Rama de coñecemento	Puntuación
ED481D-2021-012	UDC	Bermúdez	García	Juan Manuel	Ciencias	93
ED481D-2021-026	UDC	Blanco	Calvo	Alejandro	Ciencias	87
ED481D-2021-020	UDC	Fafián	Labora	Juan Antonio	Ciencias da Saúde	88

Universidade de Santiago de Compostela

Nº exp.	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Rama de coñecemento	Puntuación
ED481D-2021-011	USC	Cambón	Freire	Adriana	Ciencias da Saúde	84,9
ED481D-2021-003	USC	Casariego	Casliñeira	Paula	Artes e Humanidades	94
ED481D-2021-022	USC	Cid	Fernández	Susana	Ciencias Sociais e Xurídicas	89,6
ED481D-2021-008	USC	de la Puente	Vila	María del Carmen	Ciencias da Saúde	82
ED481D-2021-014	USC	Díaz	Gómez	Luis Antonio	Ciencias da Saúde	90,5
ED481D-2021-019	USC	Gómez	Varela	Ana Isabel	Ciencias	92,6
ED481D-2021-017	USC	López	Romero	Laura	Ciencias Sociais e Xurídicas	90
ED481D-2021-015	USC	Olmo	López	Rubén	Artes e Humanidades	89
ED481D-2021-018	USC	Rodríguez	Sánchez	José Luis	Ciencias	88
ED481D-2021-009	USC	Royé		Dominic	Ciencias Sociais e Xurídicas	87

Universidade de Vigo

Nº exp.	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Rama de coñecemento	Puntuación
ED481D-2021-006	UVigo	Alonso	Alonso	María	Artes e Humanidades	83,6
ED481D-2021-004	UVigo	Cabaleiro	Álvarez	David	Enxeñaría e Arquitectura	91
ED481D-2021-023	UVigo	Ferreira	Rodríguez	Noé	Ciencias	91
ED481D-2021-016	UVigo	Pérez	Rodríguez	Paula	Ciencias	80
ED481D-2021-013	UVigo	Ramos	Berdullas	Nicolás	Ciencias	90
ED481D-2021-021	UVigo	Romero	Rivas	Vanesa	Ciencias	81
ED481D-2021-024	UVigo	Ruano	Ordás	David Alfonso	Enxeñaría e Arquitectura	92

Outras entidades

Nº exp.	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Rama de coñecemento	Puntuación
IN606C-2021/002	Instituto de Ciencias de Patrimonio (INCIPIT) do CSIC	Sureda	Torres	Pau	Artes e Humanidades	94
IN606C-2021/006	Fundación Profesor Novoa Santos	Carpintero	Fernández	Paula	Ciencias da Saúde	90,5
IN606C-2021/003	Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC	Méndez	López	Lucía	Ciencias	89
IN606C-2021/005	Instituto de Ciencias de Patrimonio (INCIPIT) do CSIC	Currás	Dominguez	Andrés	Artes e Humanidades	85

ANEXO II

Lista de agarda

Universidades do SUG

Orde	Nº exp.	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Rama de coñecemento	Puntuación
1.	ED481D-2021-001	UDC	Sanjurjo	Rodriguez	Clara	Ciencias da Saúde	75
2.	ED481D-2021-025	UVigo	Gómez	Sousa	Hipólito	Enxeñaría e Arquitectura	75

Outras entidades

Orde	Nº exp.	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Rama de coñecemento	Puntuación
1.	IN606C-2021/001	Instituto de Ciencias de Patrimonio (INCIPIT) do CSIC	Almansa	Sánchez	Jaime	Artes e Humanidades	82
2.	IN606C-2021/004	Instituto de Ciencias de Patrimonio (INCIPIT) do CSIC	Dal Zovo	-	Cecilia	Artes e Humanidades	75

